

Con Xosé Manuel Cairo Antelo, coas súas palabras, chega a lembranza luminosa e dolorida de Antón Avilés de Taramancos. Cairo foi o médico amigo que acompañou o poeta nos seus derradeiros días de alta luz contra a liña mouroa da distancia inmensa. Penso en Antón cando paso as follas deste libro. Vexo a Xosé Manuel acarón de Avilés no tránsito das horas inevitábeis.

Da carraxe e da paixón é discurso de tensa confidencia, voz espida a declarar todas as certezas do amor: as do ser celebrado, ás do medo á perda, as da ausencia consumada, as da promesa en xerme, as da entrega sen concesións, mesmo as do erro culpábel que explica o desamor. O autor evitou -con fortuna- a ordenación cronolóxica do material da experiencia. Desbotou a posibilidade, que acaso o tentou ao longo do proceso construtivo do libro, de organizar en estrutura narrativa lineal os diversos fragmentos -resoltos en poema- da memoria e as escenas do presente convocado. Deste xeito, as horas da ausencia semellan por momentos preceder ás da plenitude compartida. Sucédense en ondas contraditorias os instantes de feliz revelación e gozo cos da dor con esperanza ou sen horizonte. O conxunto ofrece unha figura ondulatoria de contrastados atributos. Así camiña, non polo canle de curso unívoco senón através de laberíntica urdime, o río da vida na memoria. E así *Da carraxe e da paixón* sabe integrar o baleiro do abandono no volume pleno do amor. A ausencia vive dentro da nación de Eros como Thánatos na casa da vida. A experiencia amorosa complétase na contemplación do exilio irreparábel. O amante permanece na súa dedicación de entrega logo de ter sido abandonado. Amor constante alén do desamor, chama que sabe arder en auga fría, prodixio da purificación en exercicio espiritual de saudade. O corpo da muller foi perdendo substancia na vía da fuxida, foi esvaecendo para transmutarse en atmósfera leve que se vai consubstanciando, osmótica, co ser do seu perseguidor e se convirte en alimento permanente do home namorado: "e eu embebedeime de ti / para sempre."

A vivencia amorosa trascende, pois, os lindes do suceso histórico para abrir suxerencias de lectura de alcance universal, entre as que prefiro as que atinxen ao proceso metamórfico experimentado polos amantes. O namorado medra en fondura e matiz de autocoñecimento: "eu non sabía de min / desde un tempo que non alcanzo." No espello do outro, no corpo da amada, re-coñécese o home: "Non son eu, / senón en ti." A propia existencia física (o eu como corpo) pende do ar creador que emana da muller á

corporeízase, no territorio dos desexos del: "ti estás, seino, / na morneza da idea desexada." E ambos son obxecto de contemplación única, ser dobre ollado desde fora, desde a vixía expectante de cada un dos dous seres individuais: "míranos".

Estas e outras evidencias da arte de amar exprésanse en *Da carraxe e da paixón* através dunha gramática substantival, de dicción case lapidaria, esencialista, coa que cadra moi axeitadamente o ritmo quebrado en verso curto, de sonoridade percutida e grave. Porque grave, pero non solemne, é a perspectiva emocional e a disposición dialoxística do eu confidente, a figura espida da voz poemática, cristal interpretativo da propia experiencia de Xosé Manuel Cairo Antelo, o namorado que declara a permanencia dos corpos nus dos amantes como signo decisivo de contraditoria eternidade, amor constante alén do desamor:

"Soamente a túa nudez
e a miña
fican na senda
que me leva
a ningures."



7 de xaneiro de 2005

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO